

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Unidade de Contratación

*Anuncio correspondente ao "Concurso de proxecto con intervención de xurado para a selección da mellor proposta a nivel anteprojecto para a remodelación e acondicionamento da contorna inmediata da praza de Armas"*

##### ANUNCIO

### CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A SELECCIÓN DA MELLOR PROPOSTA A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A REMODELACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA INMEDIATA DA PRAZA DE ARMAS

#### 1) ENTIDADE ADXUDICATARIA.

Concello de Ferrol, en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG).

#### 2) OBXECTO DO CONTRATO.

**Obxecto:** O obxecto do presente concurso é a selección da mellor proposta para a remodelación do espazo público denominado Praza de Armas, así como o acondicionamento da súa contorna inmediata, que comprende aproximadamente unha superficie de 7.000 m<sup>2</sup>, que sirva de base para a adxudicación do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución, a dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde.

**N.º expediente:** AV 03004 16/16.

**Tipo de contrato:** o presente concurso de proxectos con intervención de Xurado, organízase no marco do procedemento de adxudicación do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras de remodelación da Praza de Armas.

**Prazo de entrega** do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde, antes de 60 días naturais contados dende o día seguinte á sinatura do contrato.

CPV (codificación do contrato de servizos): 74224000.

#### 3) PROCEDEMENTO E FINANCIACIÓN.

**Procedemento:** procedemento aberto, público e anónimo, nunha única fase a nivel de anteprojecto.

**Tramitación:** ordinaria.

**Financiación:** partida orzamentaria: 03004-1511-22706.

#### 4) CONTÍA. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO DE SERVIZOS (redacción de proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde que se adxudica ao gañador). ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL.

A contía deste procedemento ascende á cantidade de CINCUENTA E TRES MIL EUROS SEN IVE (53.000 EUROS SEN IVE), e de SESENTA E CATRO MIL CENTO TRINTA (64.130,00) EUROS, IVE incluído.

**Valor estimado do contrato de servizos** de redacción de proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde que se adxudica ao gañador: CINCUENTA MIL EUROS IVE non incluído (50.000 €), aos que hai que engadir DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS EN CONCEPTO DE IVE (10.500,00 € correspondentes ao 21% de IVE):

- 30.000 € máis o 21% de IVE (6.300 € de IVE) correspondentes á redacción do proxecto básico e de execución (incluído o estudo de seguridade e saúde)
- 20.000 € máis o 21% de IVE (4.200 € de IVE) correspondentes á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

O orzamento de execución material non poderá superar a cantidade de 1.200.00,00 € (gastos xerais, beneficio industrial e IVE non incluído).

#### 5) PREMIOS.–Os premios outorgados serán os seguintes:

**Primeiro premio:** 4.000,00 €, máis o 21% de IVE, como entrega a conta de honorarios e adxudicación do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

**Dous accésits:** 1.500,00 €, cada un deles, máis o 21% de IVE.

Poderanse nomear máis premios, a modo de accésits, sen custo económico.

**O primeiro premio será considerado para todos os efectos** como anticipo dos honorarios profesionais derivados da adxudicación do contrato de redacción do proxecto básico e de execución, e de dirección das obras e estudo e coordinación de Seguridade e saúde para a remodelación da Praza de Armas do Concello de Ferrol.

**6) DESTINATARIOS DO CONCURSO. CONDICIÓN DE APTITUDE E CAPACIDADE. REQUISITOS DE SOLVENCIA** (\*consultar CLÁUSULA 5 pregos).

**7) DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLOS CONCURSANTES** (\*consultar CLÁUSULA 7 pregos).

**8) XURADO: COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO.**

O Xurado estará composto polos seguintes membros:

**Presidente:**

O alcalde de Ferrol, con delegación expresa na Concelleira de Urbanismo e Mobilidade do concello de Ferrol (arquitecta).

**Vogais:**

Un arquitecto ou enxeñeiro de camiños do concello de Ferrol técnico municipal.

Un técnico (arquitecto ou enxeñeiro de camiños) a elección dos concursantes.

O decano do Colexio oficial de arquitectos de Galicia, con delegación expresa no presidente do mesmo en Ferrol.

O decano do Colexio oficial de enxeñeiros de camiños en Galicia ou persoa en quen delegue.

Un concelleiro en representación de cada Grupo municipal.

O secretario xeral do Concello de Ferrol ou persoa que legalmente lle substitúa.

O interventor xeral do Concello de Ferrol ou persoa que legalmente lle substitúa.

**Secretario do Xurado:**

Secretario: actuará como secretario do Xurado, o xefe do Servizo de Contratación, con voz pero sen voto ou, na súa substitución, a técnica da Unidade e Contratación.

Cada un dos membros do Xurado, no exercicio das súas funcións, deberá respectar e velar polo cumprimento dos requirimentos de discreción e confidencialidade absolutos.

O Xurado poderá convidar as sesións de deliberación a expertos no ámbito obxecto do concurso, con voz pero sen voto. Os invitados deberán declarar previamente o descoñecemento de incompatibilidades con calquera das propostas presentadas ao concurso

**9) CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

A valoración das propostas centrarase na súa calidade global, así exclusivamente valorarase:

- O "orçamento de execución material realizable" da obra: 10 puntos.
- A súa calidade arquitectónica: 40 puntos.
- A súa funcionalidade e accesibilidade: 25 puntos.
- A súa adaptabilidade aos diferentes usos que se poidan suceder na devandita praza: 25 puntos.

A proposta gañadora será aquela que obteña mais puntuación.

**10) OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.**

**Entidade:** Concello de Ferrol.

**Dependencia:** Unidade de Contratación.

**Persoa de contacto:** Rogelio Cenalmor Palanca, xefe de servizo da Unidade de Contratación.

**Teléfono** 981944260 (extensión 375).

**Enderezo electrónico:** contratacion@ferrol.es

**Perfil do contratante:** www.ferrol.es (sede electrónica-perfil do contratante)

**Data límite de obtención dos documentos:** o último día do remate da presentación das ofertas.

**Data límite de obtención de información:** 20 días antes do remate da presentación das ofertas.

**Obtención de copias dos pregos:** [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) (sede electrónica-perfil do contratante)

**Entidade:** COAG

**Web:** <http://portal.coag.es/>

**Data límite de obtención dos documentos:** o último día do remate da presentación das ofertas.

**Data límite de obtención de información:** 20 días antes do remate da presentación das ofertas.

**Obtención de copias dos pregos:**

#### 11) PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

**Prazo de presentación de proposicións:** 45 días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP. Se o último día para a presentación de proposicións coincidise en domingo ou festivo trasladarase o seguinte día hábil.

**Documentación que hai que presentar:** consultar pregos.

**Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Ferrol en horas de 9 a 14 horas (de luns a venres) e de 9 a 13 horas (sábados e días non laborais para o persoal do Concello).

**Entidade:** Concello de Ferrol.

**Enderezo:** Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol.

**Teléfono** 981944260.

**Fax do Rexistro Xeral:** 981944028.

Ferrol, 11 de xullo de 2016.

O alcalde-presidente do Concello de Ferrol

Jorge J. Suárez Fernández

2016/5908